Resolución de problemas e/ou exercicios	A profesora facilitaralle ao alumnado a atención que precisa para o desenvolvemento da súa presentación oral.

Avaliación					
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Sesión maxistral	Probas de expresión oral sobre os contidos do curso.	40	A1 A4 A5	B1 B5 B6	C10 C11 C13
Resolución de problemas e/ou exercicios	Probas de gramática e vocabulario e listening.Estas probas estarán baseadas nos contidos vistos na clase e nos contidos de traballo autónomo asignados aos alumnos	60	A1 A2 A3	B5 B9 B13	C1 C2 C4 C6

Outros comentarios sobre a Avaliación

O curso ten unha orientación práctica. Para poder seguir as clases recoméndase posuir un nivel B1 de inglés. O nivel para superar a materia ao final do cuatrimestre deberá ser B1.2.

1ª edición de actas (xaneiro): Avaliación Continua

A avaliación continua constará da catro partes: speaking (40%), vocabulario (20%), gramática (20%), listening (20%). Será necesario aprobar cada unha destas partes para aprobar a materia. Un suspenso nunha destas partes implica un suspenso na materia (ver sección 2ª edición de actas).

Haberá unha proba de vocabulario e outra de gramática a mediados de curso e outra a finais durante o periodo lectivo. A nota media das dúas conformará a nota final. No speaking e o listening farase media pero prevalecerá a nota final.

O alumnado que non poida asistir a algunha destas probas, sexa polo motivo que sexa, deberán falar coa profesora para facer esa proba o día da avaliación única. Ese exame será na data establecida no calendario de exames aprobado en Xunta da FFT.

O alumnado que non poida ou non desexe facer a avaliación continua deberá comunicarllo á profesora as dúas primeiras semanas do curso. Terá a oportunidade da avaliación única.

1ª edición de actas (xaneiro): Avaliación Única

O exame para o alumnado de avaliación única será a data establecida no calendario de exames aprobado en Xunta de FFT.

Consistirá nunha proba única con catro partes: vocabulario, gramática, listening e speaking. Para a proba de speaking os alumnos deben preparar unha presentación de tres minutos baseada nos contidos do curso. Deberán aprobarse cada unha das partes para aprobar a materia.

2ª edición de actas (xullo)

(a) Os alumnos farán soamente as partes das probas que suspendan na primeira edición das actas; é dicir, o alumnado que suspenda algunha(s) das partes fará soamente esa(s) partes na proba da segunda edición das actas (xullo) e gardarase esa(s) parte(s) só ata xullo do correspondente curso académico.

(b) A segunda edición das actas consistirá nunha proba única con catro partes: vocabulario, gramática, listening e speaking. Para a proba de speaking os alumnos deben preparar unha presentación de tres minutos baseada nos contidos do curso. Deberán aprobarse cada unha das partes para aprobar a materia.

Bibliografía. Fontes de información

Murphy, R., **English Grammar in use**, Cambridge,

McCarthy, M. and O'Dell, F., **English Vocabulary in use**, Cambridge,

Hancock, M., **English Pronunciation in use**, Cambridge,

Comfort, J., **Effective Presentations**, Oxford,

Thomas, B. and Matthews, L., **Vocabulary for First Certificate**, Cambridge,

Bibliografía complementaria,

Hashemi, L. and Thomas, B., **Grammar for First Certificate**, Cambridge,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro III: Inglés/V01G180V01203
Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro IV: Inglés/V01G180V01204
Primeiro idioma estranxeiro V: Inglés/V01G180V01302
Primeiro idioma estranxeiro VI: Inglés/V01G180V01403
Primeiro idioma estranxeiro VII: Inglés/V01G180V01503

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro II: Inglés/V01G180V01105

Outros comentarios

Recoméndase o estudo diario da materia, a lectura das explicacións gramaticais dadas na clase, o desenvolvemento de exercicios prácticos e a autocorrección. Para poder seguir as clases recoméndase posuír un nivel B1 de inglés.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido senón tamén a súa corrección lingüística.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma faitic e de estar ao tanto das datas nas que as probas terán lugar.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

Durante a realización dos exames non se permite a utilización de diccionarios, ordenador, conexión a internet ou calquera outro medio electrónico.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro II: Inglés				
Materia	Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro II: Inglés			
Código	V01G180V01105			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Alonso Alonso, María Rosa			
Profesorado	Alonso Alonso, María Rosa			
Correo-e	ralonso@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Esta materia ocúpase da lingua instrumental centrándose no desenvolvemento das destrezas de Reading e Writing. Prestaráselle atención á comprensión e á expresión escrita, á cohesión, á coherencia, aos tipos de texto, aos aspectos retóricos e de organización, así como ao uso do vocabulario a través de diferentes temas e textos. É recomendable posuír un nivel B1 para cursar a materia, ao rematar debería posuírse un nivel B1.2.			

Competencias	
Código	
A1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
B4	Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria.
B7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.
B9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos.
B11	Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva.
C1	Mellorar o coñecemento da lingua instrumental co fin de obter unha competencia lingüística e comunicativa na lingua obxecto de estudo.
C3	Desenvolver o sentido de conciencia lingüística do primeiro idioma estranxeiro como un sistema, dos seus mecanismos e formas de expresión.
C4	Desenvolver as nocións fundamentais de vocabulario en temas básicos e expandir estes coñecementos a temas máis complexos, fomentando a aplicación práctica do vocabulario á lectura e redacción de textos, así como á comprensión e expresión oral.
C7	Desenvolver a capacidade crítica respecto ás diferentes aproximacións textuais e as súas implicacións.
C8	Mellorar a compresión lectora en rexistros formais e semiformais, entender a organización do texto e deducir o significado polo contexto.
C9	Incrementar a destreza de expresión escrita nunha variedade de temas e unila á expresión oral.

Resultados de aprendizaxe			
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
- Adquisición dos conceptos necesarios para expresarse na lingua obxeto de estudo	A1 A2 A3	B1 B4 B7 B9	C1 C3 C4 C9
Comprensión dos conceptos básicos e avanzados de lectura e redacción de textos.	A4		C1 C3 C4 C7 C8 C9
Adquisición dos coñecementos necesarios para expresarse de maneira escritae oral co vocabbulario e organización apropiados	A2 A4 A5	B1 B4 B9	C1 C4 C7 C8 C9
Familiarización con hábitos de traballo en equipo	A2	B1 B11	C7

Contidos	
Tema	
Spelling and punctuation	--
Structure of a paragraph	
Introductions and conclusions	
Developing paragraphs	
Vocabulary Topics	4.1 Study Units from Vocabulary for First Certificate: 4.1.1 Physical appearance, personality 4.1.2 Family and relationships, celebrations, friends 4.1.3 Leisure time, hobbies, and games 4.1.4 Cities and towns, facilities, traffic 4.1.5 Ages, school, university 4.1.6 Houses and homes, household problems 4.1.7 Clothes, shopping money 4.1.8 Feelings 4.1.9 The past, time 4.1.10 Climate, weather, geography 4.2 Vocabulary contained in assigned readings
The five-paragraph essay	
Opinion compositions	1.1 Types of dictionaries 1.2 Information provided in dictionary entries 1.3 Important concepts and abbreviations 1.4 Practical strategies
Descriptive compositions	
Narrative essays	
Structure: Coherence and cohesion	

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas e/ou exercicios	13	0	13
Traballos de aula	7	14	21
Titoría en grupo	3	6	9
Debates	3	6	9
Obradoiros	6	12	18
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	0	14	14
Sesión maxistral	10	20	30
Outras	6	18	24
Probas de resposta curta	2	4	6
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	4	6
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realización de exercicios baseados nos contidos teóricos.
Traballos de aula	Traballos realizados sobre os contidos teóricos do curso.
Titoría en grupo	Entrevistas ou sesión de preguntas que o alumnado mantén co profesorado da materia para consultar dúbidas sobre os contidos da materia e a súa aprendizaxe.
Debates	Charla, conversación e debate sobre temas tratados na clase.
Obradoiros	Traballo na aula, en parella ou en grupo, sobre borradores preparados fóra da aula como tarefas de casa.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Exercicios que os alumnos realizarán de forma autónoma
Sesión maxistral	Explicacións sobre os distintos aspectos tratados no curso.

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Debates	- O alumnado consulta as súas dúbidas sobre a materia, os exercicios e o proceso de aprendizaxe. - Consultas sobre o contido da materia e a aplicación dos conceptos teóricos. - Revisión de probas.
Titoría en grupo	- O alumnado consulta as súas dúbidas sobre a materia, os exercicios e o proceso de aprendizaxe. - Consultas sobre o contido da materia e a aplicación dos conceptos teóricos. - Revisión de probas.
Probas	**Descrición**
Outras	- O alumnado consulta as súas dúbidas sobre a materia, os exercicios e o proceso de aprendizaxe. - Consultas sobre o contido da materia e a aplicación dos conceptos teóricos. - Revisión de probas.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Traballos de aula	Redaccións que se elaboran na aula. Dúas probas principais	90	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B4 B7 B9	C1 C3 C4 C7 C8 C9
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Redaccións que se farán ao longo do curso	10	A1 A4		C1 C4 C7 C9

Outros comentarios sobre a Avaliación

Recoméndase que o alumnado siga a avaliación continua, sendo o sistema con máis posibilidades de éxito para o alumnado.

1ª edición de actas: avaliación continua

A avaliación continua do alumnado require que o alumnado demostre as súas capacidades con regularidade ó longo do cuadrimestre. Por tanto, as probas e traballos de clase non son recuperables. As probas e os traballos feitos na clase que os alumnos no entreguen por non asistir a clase contarán como un "0". Para o cálculo da nota final aceptaráse como máximo dous xustificantes oficiais para eliminar notas de "0" asignadas por faltas de asistencia. As probas de tipo "resposta longa" serán redaccións que se farán ao longo do curso.

Anunciaranse na aula as datas para facer as probas. A primeria proba farase a semana a principio de curso e contará un 10% da nota final. Haberá outra proba a mediados de curso que contará un 10% da nota, outra a mediados que contará un 20% da nota final e unha última proba a finais que contará un 70% da nota final. Daráse importancia a evolución do alumnado ao longo do curso e a nota obtida na redacción final. As probas terán lugar durante o periodo lectivo.

As horas presenciais requiren, ademais da asistencia, unha preparación adecuada e unha participación activa.

O alumnado que non poidan asistir a algunha destas dúas probas principais, sexa polo motivo que sexa, deberán facer esa proba o día do exame de avaliación única. Os alumnos que non poidan facer a avaliación continua e opten pola avaliación única deberán comunicarllo a profesora durante os primeiros 15 días de curso.

1ª edición de actas: avaliación única

O exame de avaliación única está pensado para o alumnado que no escollan a avaliación continua e para aqueles que non poidan asistir a algunha das dúas probas principais. O examen consitirá nunha redacción; tamén pode incluir a redacción de email e/ou leaflets. A calificación será do 100% da nota.

Este exame será na data establecida no calendario aprobado na Xunta da FFT.

2ª edición de actas (xullo)

Na segunda edición de actas (xullo) haberá unha proba única que consistirá nunha redacción (100% da nota final). A redacción tratará sobre algún dos temas tratados no curso e algún dos estilos de texto (opinión, narrativa, descriptivo; podrían tamén incluir email e leaflets). A redacción terá unha lonxitude de 250 palabras.

Este exame será na data establecida no calendario aprobado na Xunta da FFT.

Notas xerais

Na avaliación teranse en conta aspectos de contido (organización, thesis statement, organización dos párrafos, topic sentences ,etc,) e aspectos formais (gramática e vocabulario)

Prestaráselle atención tamén a compresión e a expresión escrita, ás estratexias de cohesión e coherencia textual, aos aspectos retóricos e de orientación así como ao uso do vocabulario a través de diferentes temas e textos.

As datas de probas avaliables serán anunciadas na aula e en FAITIC con antelación suficiente.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC e estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

Bibliografía. Fontes de información

-

Bibliografía básica:

Davis, J. "The Five-Paragraph Essay." In: *Effective Academic Writing 3: The Essay*. Oxford UP, 2006.

Driscoll, Liz. "Appendix 3: Using a Dictionary." In: *Real Reading, with answers*. Pp. 92-95. Cambridge UP, 2008.

Driscoll, Liz. "Reading about Reading." In: *Real Reading, with answers*. Pp. 6-18. Cambridge UP, 2008.

English, A. and L.M. *North Star Reading and Writing: High Intermediate*. 2nd edition. Longman, 2004.

Gower, Roger. "Appendix 2,3,4 (Spelling, Punctuation, Linking Expressions." In: *Real Writing 3.* Cambridge UP, 2008.

McCarthy, Michael. "Effective Vocabulary Learning." In: *English Vocabulary in Use (Upper-Intermediate).* Cambridge UP, 2001.

Mlnarczyk, R. and S. Haber. *In Our Own Words.* 3rd Edition. (Selected readings.) Cambridge UP, 2005.

PURDUE UNIVERSITY. THE ONLINE WRITING CENTER (OWL) AT PURDUE UNIVERSITY. http://owl.english.purdue.edu/exercises/

Thomas, B. and L. Matthews P. *Vocabulary for First Certificate with answers*. Cambridge UP, 2007.

BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA

Georgakopoulou, A. and D. Goutsos. *Discourse Analysis: An Introduction*. 2nd ed. Edinburgh UP, 2004.

McCarthy, Michael. *English Vocabulary in Use (Upper-Intermediate*). Cambridge UP, 2001.

Zemach, D. and L. Rumisek. *Academic Writing: From Paragraph to Essay.* Macmillan, 2003.

Todos os títulos están accesibles na biblioteca ou senón na fotocopiadora da Facultade de Filoloxía.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro IV: Inglés/V01G180V01204
Primeiro idioma estranxeiro V: Inglés/V01G180V01302
Primeiro idioma estranxeiro VI: Inglés/V01G180V01403
Primeiro idioma estranxeiro VII: Inglés/V01G180V01503

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro I: Inglés/V01G180V01104

Outros comentarios

Os alumnos deben posuír un nivel intermedio ou B.1 como mínimo para poder seguir as clases e obter o nivel final suficiente.

Recoméndase que os alumnos sigan a avaliación continua.

Para conseguir unha avaliación positiva é imprescindible que os alumnos presten a máxima atención en clase ao desenvolvemento do temario e á aplicación dos conceptos impartidos.

Fóra de clase é imprescindible a realización das tarefas e exercicios prácticos. Recoméndase o estudo diario da materia, xa que a aprendizaxe dun idioma require un estudo constante e progresivo.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Idioma moderno: Segundo idioma estranxeiro I: Francés				
Materia	Idioma moderno: Segundo idioma estranxeiro I: Francés			
Código	V01G180V01106			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Francés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Alonso Rodríguez, Inés			
Profesorado	Alonso Rodríguez, Inés Jacques , Sylvia Ripoll Delebourse, Virginia Teresa			
Correo-e	ialonso@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Trátase de desenvolver as competencias de comprensión e expresión oral e escrita. Preténdese conseguir que o alumnado poida expresarse en francés nas situacións cotiás máis correntes partindo dun nivel A1-A2 para acadar un nivel B1.			

Competencias	
Código	
A1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
B4	Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria.
B8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo.
B10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
C14	Sentar as bases e desenvolver as habilidades de comprensión e expresión oral.
C15	Sentar as bases do repertorio léxico básico do segundo idioma estranxeiro e expandir estes coñecementos a outras terminoloxías máis complexas.
C17	Fomentar a capacidade de desenvolvemento da lingua en uso e a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais, léxicos e fraseolóxicos.
C18	Sentar as bases e desenvolver a comprensión e expresión oral e a correcta expresión gramatical.
C19	Sentar as bases e desenvolver a comprensión dos aspectos fundamentais socio-culturais e de civilización dos países nos que se fala o segundo idioma estranxeiro.
C22	Mostrar a capacidade de contrastar aspectos de civilización propios das xentes que falan o segundo idioma estranxeiro e alleos.

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Coñecemento do segundo idioma como lingua estranxeira que inclúe as perspectivas lingúistica comunicativa e de cultura e civilización.	A1 A4	B10	C14 C18 C19
Desenvolvemento da capacidade de contrastar aspectos lexicos fraseologicos e gramaticales do segundo idioma estranxeiro co propio	A2 A4	B4 B10	C15 C17 C22
Desenvolvemento da capacidade de contrastar aspectos propios de civilización propios das xentes que falan o segundo idioma estranxeiro e alleos	A3 A5	B1 B8	C17 C22

Contidos	
Tema	
1. L' oral, compréhension et expression. Les unités sonores de la langue. Apprentissage et perfectionnement de la prononciation.	La caractérisation des personnes et la prise de contact. Se présenter. présenter quelqu'un ou quelque chose.
2. La phrase simple, l'ordre des mots. L'expression de la fréquence. Le présent d'habitude.	Se situer dans le temps.
3. La quantification. Les partitifs. Les démonstratifs. La possession	Faire des achats.
4. La représentation de l´action. Être et avoir.	L□expression écrite. Écrire une lettre. Demander la permission, faire des reproches.
5. Présent/passé/futur	Expliquer ses habitudes et celles des autres, rendez-vous, informations..
6. Les pronons personnels, démonstratifs, relatifs, indéfinis.	Exprimer ses opinions, le point de vue
7. L'interrogation et la négation.	Présentation d'un curriculum vitae.
8- Le thème de la description et ses parties. Les structures linguistiques liées à la description. La comparaison.	La description. Le portrait.
9. Initiation à la phrase complexe.	Comparer des objets. L´expression de la quantité.
10. Contenus lexicaux et civilisationnels	La ville, la campagne, les types de logement, moyens de communication, loisirs, voyages. Notions géographiques, historiques et culturelles de la France et des pays d'expression française.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	26	32	58
Prácticas autónomas a través de TIC	0	10	10
Traballos tutelados	0	10	10
Presentacións/exposicións	1	8	9
Resolución de problemas e/ou exercicios	21	38	59
Probas de resposta curta	2	0	2
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte da profesora dalgúns aspectos teóricos da materia.
Prácticas autónomas a través de TIC	Formulación, análise e resolución de exercicios para a práctica do francés.
Traballos tutelados	Presentación dun traballo individual sobre o libro de lectura . Presentación oral dun traballo de temática civilizacional
Presentacións/exposicións	Presentacións orais individuais ou en grupo baseadas no traballo autónomo dos alumnos
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realización de exercicios teórico-prácticos durante as aulas, baixo a supervisión da profesora. Os exercicios poderán ser puntuados, con ou sen previo aviso, como parte da avaliación continua.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Resolución de problemas e/ou exercicios	Os exercicios de prácticas a través de Tic serán corrixidos individualmente.
Traballos tutelados	Os traballos tutelados serán feitos baixo a supervisión e corrección da profesora antes da presentación final.

Presentacións/exposicións	Trátase de darlles ós alumnos orientación xeral sobre os traballos, así coma estratexias de aprendizaxe, facer indicacións sobre os traballos e exercicios

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Prácticas autónomas a través de TIC	Os exercicios a través da plataforma Tema serán corrixidos individualmente e avaliados.	10	A1 A2 A4	B10	C14
Traballos tutelados	Presentación individual ou en grupo do traballo autónomo do alumno. Ficha de lectura do libro Tema de civilización	10	A1 A2 A4	B1 B8	C15 C17 C18 C19 C22
Presentacións/exposicións	Presentación oral individual ou en grupo do traballo autónomo do alumno.	10	A1 A3 A4	B1	C14
Resolución de problemas e/ou exercicios	O alumnado realizará exercicios teórico-prácticos ao longo do curso sobre os contidos explicados pola profesora nas sesións teóricas.	10	A1 A2 A4	B4	
Probas de resposta curta	- Proba final sobre os contidos teóricos - Proba final sobre os contidos prácticos	60	A1 A2 A4 A5		C17 C18 C19

Outros comentarios sobre a Avaliación

PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS: Na 1ª edición de actas o alumnado será avaliado mediante o sistema de **avaliación continua** indicado arriba. As probas non entregadas contarán coma un cero. Para aprobar a materia será necesario ter entregado os traballos (un por mes) na data requirida e sinalada no primeiro mes do curso, e terán que superar cun mínimo dun 4 cada unha das partes en calquera das modalidades. De non ser así, o alumnado terá que facer o exame final. Este exame final terá lugar no período de exames na data aprobada en Xunta de FFT.

O alumnado que, por motivos xustificados, non poida realizar a avaliación continua deberá falar cos profesores ao comezo do curso. Nese caso poderán examinarse do 100% da materia polo **sistema de avaliación única** coa seguinte cualificación: 50% teoría, 50% práctica. Este exame final terá lugar no período de exames na data aprobada en Xunta de FFT.

SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XULLO): Na segunda edición de actas (xullo) haberá un exame polo 100% da cualificación (50% teoría, 50% práctica) para o alumnado que non superara a materia na primeira edición. Este exame terá lugar no período de exames de xullo na data aprobada en Xunta de FFT.

Notas xerais: En caso de copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un suspenso global na materia. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto. Recoméndase o traballo continuado e a consulta frecuente os medios de comunicación franceses.

Bibliografía. Fontes de información

Anna Sam, **Les tribulations d'une caissière**, Stock,

Pierre Rambaldi, **Les tribulations d'une caissière**, Studio 37 : DVD,

Delatour, Jennepin. Léon-Dufour, Teyssier, **Nouvelle grammaire du français**, Hachette,

Abry, Chalaron, **Phonétique, 350 exercices**, Hachette,

Claire Leroy-Miquel, **Vocabulaire progressif du Français - intermédiaire**, Clé International,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Idioma moderno: Segundo idioma estranxeiro II: Francés/V01G180V01205
Segundo idioma estranxeiro III: Francés/V01G180V01304
Segundo idioma estranxeiro IV: Francés/V01G180V01404
Segundo idioma estranxeiro V: Francés/V01G180V01604

Outros comentarios

Recoméndase un nivel de lingua A2 para poder seguir a materia adecuadamente.

Recomendamos o estudo continuado da materia, a consulta da gramática recomendada para realizar os exercicios prácticos e a autocorrección.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

Recoméndase a asistencia a clase e o traballo regular.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Idioma moderno: Segundo idioma estranxeiro I: Alemán				
Materia	Idioma moderno: Segundo idioma estranxeiro I: Alemán			
Código	V01G180V01107			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Alemán Castelán			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Cortes Gabaudan, Helena			
Profesorado	Cortes Gabaudan, Helena			
Correo-e	hcortes@uvigo.es			
Web	http://http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	É unha materia de seis créditos, que se imparte no primeiro cuadrimestre do primeiro curso do grao, e que está concibida como unha disciplina de iniciación á lingua alemá básica, así como de introdución elemental ao coñecemento da cultura sobre a que se sostén este idioma, entendendo con isto a lingua e algúns aspectos culturais dos países de fala alemá. Tense en conta o feito de que a maioría do alumnado se enfronta por primeira vez á lingua alemá na idade adulta, polo que se parte dun nivel cero de coñecementos que, aínda que permite unha progresión relativamente rápida no dominio gramatical básico da lingua, só admite unha progresión bastante máis lenta no dominio das competencias orais neste primeiro curso. Ao final desta materia espérase alcanzar o nivel A1.1.			

Competencias	
Código	
A1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
B3	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos.
B5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
B7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.
B10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
B12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación.
B13	Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada.
C14	Sentar as bases e desenvolver as habilidades de comprensión e expresión oral.
C15	Sentar as bases do repertorio léxico básico do segundo idioma estranxeiro e expandir estes coñecementos a outras terminoloxías máis complexas.
C17	Fomentar a capacidade de desenvolvemento da lingua en uso e a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais, léxicos e fraseolóxicos.

C18	Sentar as bases e desenvolver a comprensión e expresión oral e a correcta expresión gramatical.
C19	Sentar as bases e desenvolver a comprensión dos aspectos fundamentais socio-culturais e de civilización dos países nos que se fala o segundo idioma estranxeiro.
C147	Desenvolver o sentido de conciencia lingüística do segundo idioma estranxeiro como un sistema, dos seus mecanismos e formas de expresión.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Coñecemento do segundo idioma estranxeiro, o cal inclúe as perspectivas lingüística, comunicativa e de cultura e civilización.	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B3 B5 B7 B10 B12 B13	C14 C15 C17 C18 C19 C147
Desenvolvemento da capacidade de contrastar aspectos léxicos, fraseolóxicos e gramaticais do segundo idioma estranxeiro co propio.	A5	B7	C14 C15 C17 C18 C19 C147
Desenvolvemento da capacidade de contrastar aspectos de civilización propios das xentes que falan o segundo idioma estranxeiro e alleos.		B7 B10	

Contidos

Tema	
1. Introdución: a lingua alemá. Alfabeto e fonética.	Cidades e países. Saúdos e presentacións.
2. Os artigos determinados e indeterminados. O verbo en presente de indicativo de verbos regulares. Os pronombres persoais. O verbo "sein".	O tempo cronolóxico: hora, día, mes, semana, ano, estacións. As datas.
3. O xénero e o número do substantivo. Os pronombres interrogativos. O verbo "haben".	Familia e amigos. En clase.
4. O presente de indicativo dos verbos irregulares. Os verbos separables.	Facer compras. Números do 100-1.000.000. Mobles. Preguntar por prezos. Pedir axuda.
5. O caso acusativo. Verbos que rexen acusativo. A negación. Ja/Doch. Uso do imperativo.	Obxectos. Cores. Formas. Materiais.
6. O caso dativo. Verbos que rexen dativo. Os pronombres posesivos.	No despacho. O computador. Conversacións telefónicas.
7. As preposicións de lugar e de tempo que rexen acusativo e dativo. Adverbios de tempo e orde da frase.	Tempo libre. Hobbies. Falar sobre capacidades.
8. Os verbos modais. O pronombre persoal declinado. Orde da frase cando hai nomes e pronombres.	Tempo libre. Citas. Facer propostas. Días da semana. Horas. Estacións do ano. Meses.
9. O genitivo e as súas preposicións. Os demostrativos e outras palabras que se declinan como o artigo (welch-). Os impersonales: alle, viele, man.	Comer. Invitación a casa. Preferencias de comida. Cousas para comer e pratos, receitas.
10. As preposicións alternantes. os verbos de acción e posición.	Viaxes, medios de transporte. Ocupacións do día.
Observación: este temario poderá completarse ou modificarse lixeiramente de acordo coas suxestións recibidas e o desenvolvemento das clases.	Outros temas complementarios de contido léxico ou gramatical. Temas culturais paralelos.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2

Sesión maxistral	8	8	16
Traballos de aula	40	80	120
Probas de resposta curta	2	10	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades organizativas: explicación pormenorizada do programa da materia e do desenvolvemento da mesma dentro e fose da aula, o que implica a descrición das características do curso, contidos, metodoloxía, formas de avaliar e resolución de dúbidas, así como a presentación das diferentes ferramentas de traballo necesarias para a súa aprendizaxe: manual, dicionarios e outros libros complementarios.
Sesión maxistral	Exposicións teóricas de temas gramaticais, léxicos e culturais.
Traballos de aula	Práctica de lectura, escritura e tradución, corrección de exercicios, exposicións individuais e resolución das dificultades lingüísticas e culturais.

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Traballos de aula	Poderanse consultar en titorías todas as dúbidas xurdidas no desenvolvemento dos traballos e exercicios para realizar en casa.
Probas	**Descrición**
Probas de resposta curta	Existirá a posibilidade de revisar o exame final e comentar os problemas xurdidos co profesor da materia.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Traballos de aula	Valoración continua da asistencia a clase e da participación activa en todas as actividades desenvolvidas na aula. Puntuación de traballos e exercicios entregados durante o curso.	20	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B3 B5 B7 B10 B12 B13	C14 C15 C17 C18 C19 C147
Probas de resposta curta	Exame escrito de contido léxico e gramatical.	80	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B3 B5 B7 B10 B12 B13	C14 C15 C17 C18 C19 C147

Outros comentarios sobre a Avaliación

PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS:

A avaliación e a consecuente cualificación do traballo do alumnado levará a cabo cun procedemento de **avaliación continua** de acordo coas porcentaxes descritas máis arriba. Os traballos de aula desenvolveranse habitualmente cunha frecuencia semanal e a proba escrita realizarase durante o período de exames de forma que coincida coa data establecida pola Xunta de FFT para o exame da avaliación única. Para obter o 20% establecido para os traballos de aula, deberanse entregar e ser avaliados polo menos 4 destes traballos, pola contra perderase esa porcentaxe da nota. A nota mínima para aprobar o conxunto da materia será un 5, resultado da nota obtida mediante a suma das cualificacións porcentuadas correspondentes ás dúas porcentaxes citados. O alumnado que suspenda a evolución continua será examinado de toda a materia de acordo ao exposto máis abaixo referente á convocatoria de xullo. O alumnado que se acolla á avaliación continua non terá obrigación de realizar ningunha proba oral, xa que as capacidades de correcta pronuncia, así como de compresión e produción oral serán avaliadas mediante o traballo diario na aula.

O alumnado que non se acolla ao sistema de avaliación continua e elixa **a avaliación única** deberá realizar un exame escrito sobre os contidos da materia vistos no curso durante o período de exames na data establecida pola Xunta de FFT para a avaliación única - máis outra proba oral noutra data distinta concertada co profesorado. O primeiro terá un valor do 80% e o segundo un valor do 20% da nota. No entanto, só poderán acceder ao exame oral os alumnos que obtivesen como mínimo unha nota de 4 no exame escrito.

SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XULLO):
Para o alumnado que se acolleu ao sistema de avaliación continua, consistirá nun exame escrito teórico-práctico dos contidos do curso polo 100% da cualificación que será realizado nas datas establecidas no calendario oficial da FFT. Para o alumnado que durante o curso acolleuse á avaliación única, este exame ten un valor do 80% da nota; este alumnado terá que facer tamén unha proba oral polo 20% da cualificación para superar a materia. A nota do exame escrito non deberá ser inferior a 4 para superar a materia. A proba escrita terá lugar en ambos os casos na data oficial establecida pola Xunta de FFT. A proba oral realizarase nunha data concertada co profesorado.

Bibliografía. Fontes de información

C.Lemcke, L.Rohrmann, **Deutsch. Grammatik, Intensivtrainer A1**, Klett-Langenscheidt,

S. Evans, A. Pude, A. Specht, **Menschen, Deutsch als Fremdsprache, KURSBUCH, A1.1.**, Humber Verlag,

Bibliografía Básica:

A. Deutsch. Grammatik, Intensivtrainer Neu A1, Klett-Langenscheidt, München, 2015

ISBN: 978-3-12-605165-1

B. *Menschen, Deutsch als Fremdsprache, KURSBUCH, A1.1*., Editorial HUEBER, Ismaning, 2012.

Material complementario.

Exercicios de léxico: *Deutsch. Wortschatz, Intensivtrainer Neu A*1, Klett-Langenscheidt, München, 2015

ISBN: 978-3-12-605151-4

Gramáticas:

Braucek, B. / Castell, A. Verbos alemanes. Madrid, Idiomas. 2002.

Castell, A. Gramática de la lengua alemana. Madrid, Idiomas. 2011.

Corcoll, B./ R. Gramática Programm: Alemán para hispanohablantes. Barcelona, Herder. 1999.

Horbert R./ U. Der kleine Duden. Gramática del alemán. Madrid, Max Hueber Verlag-Editorial Idiomas. 2004.

Larousse. *Gramática Alemana. Barcelona, Larousse Editorial S. A. 2009.*

-Deutsch 2000. Grammatik der modernen deutschen Umgangsprache. Múnich, Ed. Hueber, 1982. (Existe versión en castellano)

-G. Helbig, J. Buscha. *Deutsche Grammatik. Ein Handbuch für den Ausländerunterricht.* Berlín y Múnich, Ed. Langenscheidt, 2005.

-Kurzgrammatik Deutsch. Berlín y Múnich, Ed. Langenscheidt, 2005.

-M. Brinitzer, V. Damm. *Grammatik sehen.* Múnich, Ed. Hueber, 2005.

-R. Hoberg, U. Hoberg. *Der kleine Duden-Gramática del alemán.* Múnich, Ed. Hueber, 2005.

Libros de ejercicios:

-Dreyer-Schmitt. *Lehr-und Übungsbuch der deutschen Grammatik*. Múnich, Ed. Verlag für Deutsch, 1985.

-G.Werner. *Langenscheidts Grammtiktraining Deutsch.* Berlín y Múnich, Ed. Langenscheidt, 2001.

-R. Luscher. *Übungsgrammatik für Anfänger.* Múnich, Ed. Hueber, 2005.

Langenscheidt Diccionario Básico Alemán. Berlín y Múnich, Langenscheidt, 2001.

Langenscheidt Taschenwörterbuch Spanisch. Berlín y Múnich, Ed. Langenscheidt, 2005.

Hueber Wörterbuch Deutsch als Fremdsprache. Múnich, Ed. Hueber, 2005.

Recomendacións

Outros comentarios

Nesta materia se parte dun nivel cero de alemán, polo que non é necesario ter coñecementos previos.
Recoméndase a asistencia ás clases, a participación activa nas mesmas e o traballo regular, así como o uso dos recursos da biblioteca.
Recoméndase ademais ter en conta os dous aspectos seguintes:
1. A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo do curso ou no exame final suporá un cero nesa proba.
2. É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC e de estar ao tanto das datas nas que teñen lugar as distintas probas de avaliación.

Ao final desta materia espérase alcanzar o nivel A1.1. en alemán.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Idioma moderno: Segundo idioma estranxeiro I: Portugués				
Materia	Idioma moderno: Segundo idioma estranxeiro I: Portugués			
Código	V01G180V01108			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Outros			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Arias Freixedo, Xosé Bieito			
Profesorado	Arias Freixedo, Xosé Bieito Baltrusch , Burghard			
Correo-e	freixedo@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Nesta materia trátase de adquirir coñecementos básicos de lingua portuguesa (en comprensión e expresión oral e escrita) e coñecementos básicos sobre os países de lingua oficial portuguesa e as súas culturas (correspondentes ao nivel A2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas).			

Competencias	
Código	
A1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
B10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
B13	Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada.
C14	Sentar as bases e desenvolver as habilidades de comprensión e expresión oral.
C15	Sentar as bases do repertorio léxico básico do segundo idioma estranxeiro e expandir estes coñecementos a outras terminoloxías máis complexas.
C16	Desenvolver as nocións gramaticais básicas e expandir estes coñecementos a estruturas máis complexas.
C17	Fomentar a capacidade de desenvolvemento da lingua en uso e a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais, léxicos e fraseolóxicos.
C18	Sentar as bases e desenvolver a comprensión e expresión oral e a correcta expresión gramatical.
C19	Sentar as bases e desenvolver a comprensión dos aspectos fundamentais socio-culturais e de civilización dos países nos que se fala o segundo idioma estranxeiro.
C147	Desenvolver o sentido de conciencia lingüística do segundo idioma estranxeiro como un sistema, dos seus mecanismos e formas de expresión.

Resultados de aprendizaxe			
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Dominio oral e escrito do idioma portugués como lingua estranxeira. Nivel A2 do Marco Común Europeo de Referencia das Linguas, equivalente ao 'Certificado Inicial de Português como Língua Estrangeira' (CIPLE).	A1 A2 A3 A4 A5	B5 B10 B13	C14 C15 C16 C17 C18 C19 C147

Coñecemento do segundo idioma como lingua estranxeira que inclúe as perspectivas lingüística comunicativa e de cultura e civilización.	B5 B13	C14 C15 C16 C17 C18 C19 C147
Desenvolvemento da capacidade de contrastar aspectos léxicos, fraseolóxicos e gramaticais do segundo idioma estranxeiro co propio.	B10 B13	
Desenvolvemento da capacidade de contrastar aspectos propios de civilización cos propios das xentes que falan o segundo idioma estranxeiro e alleos.	B10 B13	C17 C19

Contidos	
Tema	
Contidos de fonética	Elementos de fonética e fonoloxía das variantes europea e brasileira da lingua portuguesa, correspondentes ao nivel A2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.
Contidos gramaticais	Elementos gramaticais correspondentes ao nivel A2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas: Ortografía; verbo (indicativo e tempos mais usuais do subxuntivo); substantivo; adxectivo; artigo; determinantes; plural; xénero; pronomes; preposicións e contraccións; etc.
